



Contra as políticas económicas e sociais, contra os recortes educativos e o desmantelamento dos servizos públicos e do Estado de Benestar

## **Máis da metade das traballadoras e traballadores do ensino en Galiza sumáronse á Folga Xeral**

O STEG manifesta a súa satisfacción polo seguimento da folga xeral no sector educativo destacando a alta participación e o compromiso de toda a comunidade educativa: profesorado, persoal de servizos e estudiantado.

Unha alta porcentaxe de traballadores e traballadoras do ensino sumáronse á folga xeral convocada para protestar contra as políticas de axuste do goberno popular que están levando ao país e a cidadanía ás maiores taxas de desemprego e de empobrecimiento e desprotección social, e ao resto de medidas que están provocando o desmantelamento duns servizos públicos de calidade e universais.

O profesorado e as traballadoras e traballadores do ensino responderon maioritariamente contra as políticas de recortes na educación, da privatización da mesma, do deterioro das súas condicións laborais profesionais e fronte á contrareforma educativa ,LOMCE, que pretende impor na educación unha ideoloxía mercantilista, elitista e segregadora.

Para o STEG esta xornada de protesta debe servir para que o goberno do PP, tanto nacional como estatal, reformule as súas políticas económicas e opte por unhas políticas sen restricións nos dereitos laborais e sociais da clase traballadora e considere á educación como un investimento de futuro rematando cos recortes de recursos e profesorado nos centros e apostando polo ensino público, único que garante unha educación de calidade e igualitaria para todas e todos.

Permanente do Secretariado Nacional do STEG

15 de novembro de 2012